

PLAN XERAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 22/23

1º-DESCRINCIÓN E ANÁLISE DA CONTORNA

1.1. Entorno físico

O noso Centro Escolar está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

1.1.1. Concello de Miño

1.1.1.1. Aspectos físicos

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmaior e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km² ten unha densidade de poboación de 187 hab./km² e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol.

Pertence á bisbarra das Mariñas. Báñao a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Callobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14° C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

1.1.1.2. Aspectos socioeconómicos

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. Outros sectores

como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedicáanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

2.2. O Centro escolar

Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO no 1999-2000. Está situado no lugar de Telle e a súa construción é moderna e pouco funcional.

Na actualidade dispón de 6 aulas dedicadas a Educación Infantil, 13 a Educación Primaria, 8 a Educación Secundaria, 3 para as docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, 1 de Música, 1 de Informática, e ademais dispoñemos da Biblioteca, o Laboratorio, o Ximnasio e o espazo do comedor. O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). Na área de influencia deste Centro hai dous CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes no Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmaior. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria. O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro da área á que corresponde o centro, atópase o Centro Fogar María Inmaculada de Bañobre do cal recibimos estudantes de diferentes idades e en diferentes momentos do curso escolar dado o movemento que hai neste tipo de centros

2º XUSTIFICACIÓN DA ORIENTACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1 Centros adscritos que se inclúen no Plan

- CEIP de Bemantes
- CEIP de Torres

2.2 Etapas Educativas que se imparten

No noso CPI impártense dende a Educación Infantil de 3 anos ao 4º curso da ESO ademais dun aula específica de EE e un programa de PEMAR en 2º da ESO.

2.3 O centro educativo: NEAEs e Diversidade

No centro ademais dos nenos con NEAES valoradas e diagnosticadas, ACIS e medidas de atención á diversidade (especificadas no Plan de Atención á Diversidade), existe alumnado que chega á ESO sen superar os obxectivos da Educación Primaria e con un considerable desfase escolar. Ademais, o curso de confinamento incrementou de xeito significativo as dificultades dos alumnos nos que o ensino presencial exercía unha función compensatoria das desigualdades sociais e problemáticas familiares. Este alumnado continua sendo o obxectivo básico dos programas de reforzo e apoio escolar así como das medidas de atención a diversidade propostas para a Primaria e a ESO.

A educación e atención emocional continua sendo un aspecto prioritario a abordar neste curso escolar dada a situación diversa que viviron e viven os nosos alumnos e alumnas.

Outra característica diferencial é a recepción no CPI dos nenos que proveñen do Centro de acollida Nuestra Señora de la Inmaculada de Bañobre. Este alumnado, coa súa problemática específica como privación socio-cultural, anterior absentismo escolar, conflitos emocionais e dificultades de aprendizaxe) súelle caracterizarse por escolarizacións có curso comezado, procedentes de diferentes orixes. Seguimos uns pasos específicos que concretanse no plan de acollida elaborado o curso 2012-2013 para a cubicación e integración destes nenos.

No centro contamos co Plan Lector e o Plan TIC que teñen en conta actuacións específicas cos nenos con dificultades e NEE.

En canto as relacións con institucións da zona temos unha colaboración directa co Concello que nos propón cada ano programas diversos para os alumnos/as da ESO e de Educación Primaria adaptados ás características do grupo e ademais traballamos en consonancia coa educadora familiar.

Tamén contamos coa colaboración de organismos e institucións que traballan cos nenos con nee do noso Centro, proporcionando información, suministro de materiais, e, sobre todo, intercambios puntuais sobre a evolución dos nenos. Estes organismos son:

DOWN CORUÑA

ONCE

Mantemos intercambio de información cos Servizos Clínicos da zona (pediatra e Centro de Saúde mental de Oza)

2.4 Concepción xeral da Orientación que asumimos

Consideramos a orientación como parte integrante da actividade educativa, nunha liña basicamente preventiva e orientada hacia o desenvolvemento do suxeito.

Prevenición, Desenvolvemento e Intervención Social polo tanto, como principios esenciais da acción orientadora. Ademais cremos que a práctica orientadora debe ser o resultado da análise das características do contexto sobre o que temos que actuar, intervindo tempranamente dende as primeiras etapas educativas.

2.5 Fundamentación Legal de Orientación e das Funcións do D.O.

Nos reximos pola Orden do 8 de setembro do 2021 pola que se regula a atención a diversidade en Galicia.

Todo elo no marco da LOMLOE (L.O. 3/2020), a orden do 25 de xaneiro do 2022 pola que actualízase a normativa da avaliación e a resolución do 26 de maio pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do ensino de Infantil, Primaria e Secundaria

3º ESTRUCTURA E NORMAS DO D.O.

3.1 Membros do D.O.

A xefa do departamento de Orientación

M^a Jesús Gómez Abelenda

1 mestra especialista en Pedagogía Terapéutica na ESO

M^a Dolores Fernández Vázquez

1 mestra especialista en Pedagogía Terapéutica na Educación Primaria a tempo completo e outra compartida (tres días no noso Centro)

Alicia Arza López

Clara Vidal Blanco (compartida)

1 mestra especialista en Audición e Linguaxe

Antía González Ruíz

1 mestra especialista en Pedagogía Terapéutica encargada da Aula Específica de EE.

Mónica Lista Becerra

2 Coidadoras

M^a Mercedes Macías Regueiro

M^a Jesús Vázquez Barres

1 Coordinador de ciclo da Educación Infantil

Cristina Graña Vidal

1 Coordinador do primeiro ciclo de Educación Primaria

Isabel Espiñeira Suarez

1 Coordinador do segundo ciclo de Educación Primaria

María del Mar Ares Travieso

1 Coordinador do terceiro ciclo de Educación Primaria

José Casanova Santamariña

O responsable da orientación no CEIP de Bemantes

M^a Emilia Naya Téllez

O responsable da orientación de Torres

Alba Eiroa Núñez

3.2 Data e periodicidade das reunións

- Reunión inicial o comezo do curso con tódolos membros do D.O. así como outra ó rematar o curso

-Reunións puntuais cos coordinadores de ciclo da Educación

-Reunións cos titores/as do D.O. e resto de titores/as de Educación Secundaria conxuntas a concretar segundo necesidades

-Reunións trimestrais (segundo necesidades) con todo o equipo de Orientación do Centro.

-Algunhas reunións estarán abertas a outros membros da comunidade educativa e/ou membros do Concello ou outros profesionais (membros da ONCE, A, DOWN CORUÑA...) relacionados coas necesidades dos nosos nenos.

3.3 Liñas de actuación para este ano (CCP e Centros)

Este ano, seguindo as directrices da CCP consideramos como actuacións prioritarias:

-Seguimento e perfeccionamento do protocolo de acollida.

-Utilizar as titorías para traballar estratexias de aprender a aprender técnicas de estudio e a educación emocional de xeito prioritario.

-Detección e intervención temperá nas necesidades educativas que vaian xurdindo e actualización permanente do listado das mesma.

4º OBXECTIVOS

As actividades do D.O. están orientadas á consecución dunha serie de obxectivos xenéricos que posteriormente se concretarán a través dos distintos Plans e as distintas etapas educativas ás que nos dirixamos.

Os obxectivos xerais a conseguir son:

- Contribuír a que a orientación sexa asumida como parte integrante do proceso educativo
- Facilitar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento e madurez vocacional do alumnado
- Contribuír á personalización e individualización da educación e adaptación ó novo contexto
- Asesorar aos membros da comunidade educativa no traballo emocional.



- Intervir e detectar tempranamente as distintas dificultades de aprendizaxe así como dar resposta idónea as NEAEs
- Facilitar a apertura do centro á comunidade así como a cooperación e coordinación entre as diferentes instancias da zona
- Mellorar a comunicación e relación coas familias. Ofrecer información, asesoramento e axuda en todo o referente aos proceso educativo dos seus fillos/as.
- Dotar de recursos e estratexias a aula específica e integrar ós seus nenos no funcionamento ordinario do Centro

5º ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Asumimos principios metodolóxicos de actuación por programas nos que o D.O. actuará como supervisor, formador, subministrador de materiais e guía na implantación dos mesmos (a través dos diferentes Plans). Estratexias de intervención polo tanto, indirectas e grupais, preventivas e centradas na capacitación dos individuos. Este ano primáanse as intervencións indirectas e centradas na elaboración de guías e programas para profesores, pais e alumnos.

-Crearase un espazo na aula virtual para o Departamento de Orientación no que se traten todos os aspectos esenciais da orientación escolar.

Isto non impide que outra liña de actuacións se dirixa á intervención individual naqueles casos que sexa preciso.

Destacamos tamén a necesidade de coordinación, de traballo en equipo, co reparto de responsabilidades.

5.1 Actuacións co profesorado titor e co resto do profesorado

- -Reunións periódicas para o seguimento das titoría
- -Subministro de materiais
- -Asesoramento en casos concretos e apoio técnico (información sobre os nenos/as con neaes)
- -Coordinación na utilización de metodoloxías conxuntas e no manexo da aula virtual.

- -Guía e axuda na implantación de programas concretos (habilidades sociais, aprender a aprender. E educación emocional)

5.2 Actuacións co Equipo directivo

- -Axuda e asesoramento no manexo da realidade afectivo-emocional do noso alumnado.
- -Mediación nas relacións entre a Dirección e as familias
- -Coordinación coas Xefaturas de estudos para a aplicación das medidas de atención a diversidade (Apoios nas instrumentais, reforzos na Primaria....)
- -Información sobre as novidades lexislativas.

5.3 Actuacións coas familias

1º-Reunións conxuntas (vía telemática)

Comezo de curso

2º- Reunións informativas sobre Orientación profesional. (Telemáticas)

-Entrevistas individuais nos casos de problemas de convivencia, de valoración, de necesidade de asesoramento profesional.

3º-Facilitación de folletos ou materiais de interese.

5.4 Actuacións cos Centros adscritos

- -Comunicación vía correo electrónico o de xeito telefónico.
- -Subministro de materiais e asesoramento técnico.

5.5 Actuacións cos EOE

- -Seguimento dos casos valorados conxuntamente (ditámenes de escolarización de nenos/as coa nee)
- -Solicitude, mediante formulario, da súa intervención nos casos específicos (valoracións o ditámenes)

- -Consultas das dudas de carácter profesional e actualizacións das novidades en Orientación.

5.6 Actuacións con outros organismos e asociacións

- -Reunións de intercambio de información (telemáticas e presenciais)
- -Subministro de materiais e bibliografía
- -Posibilidade de asistir a cursos específicos sobre as casuísticas dos nosos nenos/as (autismo, xordeira, Síndrome de Down.....)
- -Contacto e comunicación con Servicios Sociais do Concello fundamentalmente a través da Educadora familiar.

6º PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Podemos distinguir estes ámbitos de actuación coas actividades e obxectivos específicos:

6.1 Relacionados coa inclusión e atención a diversidade

Obxectivos:

- Optimizar o proceso de E/A desenvolvido no noso Centro
- Detectar tempranamente as dificultades específicas que poidan xurdir (fundamentalmente na Educación Infantil e na Educación Primaria)
- Incorporar as técnicas de traballo intelectual e estudo as actividades ordinarias da aula (basicamente a través das titorías)
- Axustar a resposta pedagóxica ás necesidades do alumnado (a través das avaliacións iniciais e psicopedagóxicas)
- Asesorar e informar ao profesorado nas súas tarefas docentes así como a comunidade educativa
- Seguimento da Aula Específica de EE e do PEMAR.
- Asesorar ao Equipo Directivo sobre o contido do Proxecto Educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención a diversidade e acción tutorial.

Actividades:

- Dirixir e coordinar as avaliacións iniciais.
- Elaboración do Plan de Atención á Diversidade
- Coordinacións e reunións cos titores/as
- Colaboración co profesorado no establecemento de medidas preventivas e medidas de apoio e/ou reforzo.
- Intervención directa e especializada nos casos específicos:
 - ACIS (asesoramento aos departamentos didácticos e titores/as na súa elaboración)
 - AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA previa ao alumnado implicado en ditas medidas.
 - Asesoramento a comunidade educativa nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das ACIS e nas medidas de reforzo educativo a través de reunións e materiais concretos.
- Deseño de programas específicos para implementar en titorías:
 - .Programa educación emocional.
 - Programa de Habilidades Sociais.
 - Programa de educación afectivo-sexual
 - Programa de instrucións e estratexias executivas para 1º da ESO
 - Programa de técnicas de estudo (co material xa editado)
- Organización das intervencións dos especialistas: horarios dos especialistas membros do D.O, formulacións das liñas globais de traballo (dentro o fora da aula), seguimento dos casos, revisión das medidas.
- Ubicación do alumnado procedente do estranxeiro en coordinación co titor que lle corresponda (elaboración de probas específicas):
 - Avaliación inicial do alumno/a e psicopedagóxica no caso que se precise.

Contemplan a posibilidade de baixar un curso por debaixo do que lle corresponde por idade cronolóxica.

Seguimento da evolución do alumno/a e a posibilidade de apoios específicos para a inmersión na lingua se ten dificultades co idioma.

6.2 Relacionadas co ámbito da Orientación Académico-Profesional

Obxectivos:

- Favorecer a madurez vocacional do alumnado que lles permita elaborar o seu proxecto vital (potenciar o seu autoconceito dende as primeiras etapas)
- Implicar a toda a comunidade educativa na orientación vocacional
- Informar á comunidade educativa de tódolos cambios que se operan coa nova lexislación (bacharelatos, reválidas, ciclos formativos, formación profesional básica)
- Favorecer o autoconecemento do alumnado
- Potenciar o proceso de toma de decisións

Actividades:

- Elaboración do Plan de Orientación Académico-Profesional.
- Reunións grupais cos pais e alumnos para dar información académico-vocacional.
- Traballo nas titorías na toma de decisións.
- Cuestionarios sobre madurez vocacional en 2º, 3º e 4º da ESO.
- Asesoramento aos titores/as a través de reunións e subministro de materiais para que logo traballen dita información nas titorías.
- Información sobre a optatividade de 2º 3º e 4º da ESO e os itinerarios.
- Contactos coas Direccións e D.O. dos institutos da zona para organizar saídas, visitas e charlas para dar a coñecer os recursos da zona.
- Elaboración dos informes aos nenos para incorporarse a Formación Profesional básica.
- Información sobre a Formación profesional básica e os seus perfís profesionais
- Información sobre a formación profesional básica da zona e contacto cos D.O. destes Centros.

- Colaboración na elaboración do Consello Orientador en 1º 2º 3º e 4º da ESO
- Intervención directa en certas actividades dirixidas a pais/nais/titores e ao alumnado:
- Conferencias.
- Cuestionarios.
- Visitas.
- Información a alumnos e pais sobre o novo 1º, 2º, 3º, 4º da ESO con as súas vías.

6.3 Relacionadas co ámbito da Acción Titorial

Obxectivos:

- Contribuír ao desenvolvemento psicosocial do alumnado
- Favorecer a confianza e o equilibrio emocional dos nenos e nenas.
- Optimizar o proceso de E/A
- Favorecer a convivencia no centro
- Dotar ao alumnado de ferramentas para a resolución pacífica de conflitos.
- Orientar ás familias no proceso formativo dos seus fillos/fillas
- Asesorar aos titores/as no exercicio das súas funcións, nas dificultades que poidan xurdir e na implementación dos programas propostos.

Actividades:

- Elaboración do PAT. Este ano consideramos unha revisión en profundidade de aspectos clave para adaptar lo as novas circunstancias lexislativas.
- Actualización, seguimento da implementación e intervención directa no Programa de instrucións e estratexias executivas para 1º de ESO.
- Programa de habilidades sociais en 1º da ESO.
- Programa de educación afectivo-sexual en 3º da ESO.
- Mediar e deseñar actuacións específicas para a resolución pacífica de conflitos no caso de darse.

- Subministro de materiais e apoio técnico aos titores/as.
- Colaborar coa xefatura de estudos na coordinación das tarefas de tutoría.

6.4 Relacionadas coa convivencia e educación en valores

- Seguimento da convivencia no Centro a través do Observatorio
- Implementación de programas de educación en valores propostos na programación do curso
- .-Seguen a Circular 10/2010 e na liña de mellora da convivencia se seguirá o seguinte protocolo:

O D.O. intervendrá en todos aqueles casos de sancións ou partes de incidencia relacionados con problemas conductuais ou relacionais actuando como mediadora. Os alumnos/as terán unha entrevista coa Orientadora e aplicarase un programa de intervención en entrenamento en habilidades sociais en sesión individual que logo será seguido nas tutorías.

- Intentaremos reforzar as vías de comunicación padres-titor-D.O.-Dirección para conseguir liñas de actuación conxuntas.
- Traballaremos con materiais editados (conflictos escolares: mediación. Editorial Tibidabo)

6.5 Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade

- Colaborar no desenvolvemento e execución da avaliación inicial nos dtos didácticos e equipos de ciclo.
- Asesorar e organizar en colaboración coa Dirección o proceso de avaliación diagnóstica.
- Presentación á comunidade educativa: reunión inicial cos pais/nais/titores xunto cos titores educativos e o equipo directivo.
- Seguimento das avaliacións iniciais do alumnado realizadas polos departamentos didácticos e equipos de ciclo
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas precisas
- Primeiras reunións cos titores para a implantación de programas.
- Elaboracións dos Plans do D.O.: PAT, POAV e Plan de Atención á Diversidade



7º-AVALIACIÓN

- A avaliación do Plan levarase a cabo a través da memoria.
- Semanalmente o D.O. valorará a marcha das actividades e as necesidades de modificación que poidan ir xurdindo. Será pois unha avaliación formativa e continua.
- Valorarase tanto as actuacións realizadas como o implemento dos plans propostos.
- A avaliación será realizada polo propio D.O. pero tamén polos membros da comunidade educativa, pais/nais e alumnado. Para ter en conta as súas opinións os instrumentos basicamente serán:

Entrevistas.

Cuestionarios.

Análise cualitativo das actividades realizadas.

Axdo. A xefa do Departamento de Orientación

Mª Jesús Gómez Abelenda